




Tradicional e non tanto...



Temos moitos discos de música tradicional, moitas posibilidades de escoitar as cantareas populares, desde o xeito máis tradicional aos aires máis renovados. Estes son algúns deles:

Leilía de Leilía
 Lobos de Davide Salvado
 Nova era de Ialma
 Raianas de Malvela
 Ajrú de Mercedes Peón
 The tambourine man de Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre



Tanxugueiras, o fenómeno do momento

Pasaron de facer música tradicional (voces e pandeiretas) a buscar outras sonoridades máis actuais. Neste momento, están preseleccionadas para o Benidorm Fest (ao facerse viral en todo o Estado a súa canción "Figa"). Nunca tan cerca estivo a posibilidade de ir o galego ao festival de Eurovisión. Desexámoslles moita sorte!!



Discografía:

Tanxugueiras (2018)

Contrapunto (2019)

"Midas" (single, 2021)

"Figa" (single, 2021)



Do proxecto Ao Son da Nosa Música@aoSDNM

O nadal vén cargado de música

O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo anímamosvos a **escoitar música en galego!!**



Bibliotecas
 escolares
 de Galicia




Equipos de
 Dinamización
 da Lingua Galega

De todos os tempos

Algúns discos de estilos moi variados, pero ben representativos de diversos estilos:

Chicarrón de Herdeiros da Crus



Un bo recompilatorio do movemento bravú



Un dos primeiros discos de rap en galego, o de *Dios ke te crew*.

Alborada do Brasil de Carlos Núñez

O berro seco de Milladoiro



Guerreiras da palabra

Admirando a condición de Sés



O primeiro disco de Sés, o que a deu a coñecer no panorama musical galego. Xa van alá dez anos e aí segue manténdose como unha das compositoras e intérpretes máis coñecidas e recoñecidas.

Liberar as arterias de Sés

O sétimo álbum de Sés mantén e realza a súa valente mensaxe e no que viaxa de norte a sur, todo filtrado pola súa alma de 'cantareira'. En varias das cancións deste disco réndelle homenaxe a Luz Fandiño, a poeta analfabeta (tal e como ela mesma se identifica).



Costuras de Guadi Galego

Neste novo disco, Guadi inclúe conscientemente a poesía e as voces das autoras "porque creo que a poesía moitas veces non chega aos oídos da xente tan directa como a música e introducila nun concepto artístico como o musical énchea moito e achégaa ao público".




Unha delicia poética e musical.

Música de nadal

E, finalmente, pensando nos máis cativos da familia, por se queredes cantar **panxoliñas** canda eles, tedes nestes discos tedes algunhas:

O Aghinaldo de Malvela



O Quiquiriquí, cantos para o Nadal da Asociación de Gaiteiros galegos

